



Andrés Muntaner Pedrosa
AUDASA
R/ Alfredo Vicenti, 15
15004, A CORUÑA

Documento:	<i>Proxecto Construtivo</i>
Proxecto:	<i>Ampliación de capacidade da Autoestrada AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis (Pontevedra), incluída obra singular de ampliación da Ponte de Rande</i>
Clave:	98-PO-9911
Ámbito:	<i>Concellos de Moaña, Redondela, Vigo e Vilaboa (Pontevedra)</i>
Remitente:	Audasa
Expte. S.	
Arqueoloxía:	03.A.006.2010.002

ANTECEDENTES

1. Baixo a dirección da arqueóloga M^a. Elena Mosquera Souto levouse a cabo unha prospección arqueolóxica do ámbito do proxecto de referencia e un levantamento topográfico na zona do castelo de Rande.
2. Na fase de consultas ambientais esta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural informou ó respecto do proxecto de *Ampliación de capacidade da AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis* (14.01.2008). Considerábase necesario incorporar os resultados da prospección arqueolóxica (en curso nese momento) e remitir o proxecto de construción para informe.
3. Esta Dirección Xeral autorizou a realización do *Proxecto de sondaxes arqueolóxicas avaliativas no Castelo de Rande (GA36045067) (Redondela, Pontevedra)*, baixo a dirección da arqueóloga M^a. Elena Mosquera Souto (07.05.2008). Autorizouse tamén unha ampliación dos traballos (19.02.2010).
4. Audasa remitiu unha proposta de localización das pilas nº 14 e 15 da ponte, no entorno inmediato ó Castelo de Rande (Redondela, Pontevedra), informada favorablemente o 01.10.2010.
5. O 16.11.2010 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural autorizou o *Proxecto de sondaxes arqueolóxicas avaliativas no entorno do Castelo de Rande (Redondela, Pontevedra). Novas zapatas das pilas nº 14 e 15 da Ponte de Rande*.
6. A Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia remitiu para informe o *Proxecto de Trazado da Ampliación de Capacidade da Autoestrada AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis (Excepto a obra singular de ampliación da Ponte de Rande)*, que foi informado o 06.10.2010.
7. O 02.02.2015 o director xeral de Audasa remitiu para informe o *Proxecto de Construción. Ampliación de capacidade da AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis (Moaña, Redondela, Vigo e Vilaboa, Pontevedra)*.

CONSIDERACIÓNS

1. A documentación de referencia foi remitida por Audasa co fin de que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o informe correspondente, de acordo co establecido no artigo 32 da *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia*.
2. Disposicións a ter en conta:
 - Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia (DOG núm. 214, do 08.11.1995)
 - Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)
 - Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)
 - Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
 - Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG núm. 13, do 18.01.2012)



3. A solución técnica adoptada para a ampliación de capacidade da autoestrada orientase a procurar a mínima afección ó entorno, aproveitando os espazos dispoñibles, de xeito que se minimicen as novas afeccións e ocupación de terreos. En todo caso a ampliación de capacidade da autoestrada neste treito consiste na construción dun terceiro carril en cada sentido.

Dito proxecto contempla a ampliación da ponte de Rande, que se consegue adosando un novo taboleiro a cada un dos lados exteriores das pilas principais existentes, que se sustentan mediante un sistema de atrantamento análogo ó actual, ancorado á coroación das pilas principais.

Prevense actuacións nos seguintes treitos:

P.K. 0 + 000 – Enlace de Cangas, Enlace de Cangas, Viadutos de acceso á Ponte de Rande, Viaduto de Acceso Norte (lado Pontevedra), Viaduto de Acceso Sur (lado Vigo), Enlace de Rande- Enlace de Teis e Ampliación de capacidade da Ponte de Rande.

4. O proxecto de construción de referencia recolle no seu *Anexo nº 12. Ordenación ecolóxica, estética e paisaxística*, a memoria técnica da prospección arqueolóxica realizada, xunto cunha valoración e avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural, unha proposta de medidas protectoras e correctoras, e a memoria técnica das sondaxes arqueolóxicas avaliativas realizadas no ámbito do Castelo de Rande (Redondela, Pontevedra). Así mesmo recóllense as consideracións feitas nos referidos informes desta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 01.10.2010 e 06.10.2010, relativos á *Proposta de localización das pilas nº 14 e 15 da ponte, no entorno inmediato ó Castelo de Rande (Redondela, Pontevedra)*, e *Proxecto de Trazado da Ampliación de Capacidade da Autoestrada AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis (Excepto a obra singular de ampliación da Ponte de Rande)*, respectivamente.

5. Con respecto ao trazado informado no seu día, non se aprecian cambios no trazado que fagan necesario modificar o sentido e contido dos referidos informes, a excepción do relativo ao camiño de servizo previsto entre as pilas nº 12 e 16, polo entorno inmediato do Castelo de Rande, para acceder ás obras, unha balsa de decantación prevista e áreas de instalacións auxiliares. O novo trazado do vial mellora substancialmente con respecto ao previsto no seu día, así e todo, un treito recorrería a escasos metros de restos visibles do castelo, á altura da pila nº 15 da marxe esquerda do trazado (sentido Vigo- Pontevedra). Nese ámbito está previsto un desmonte que se situaría a carón de restos visibles do elemento. En todo caso, cómpre manter e que se teñan en conta as consideracións feitas ao respecto no informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 06.10.2010:

No que respecta ó camiño de acceso a obra previsto entre as pilas nº 12 e 16, non debe afectar a restos do Castelo de Rande, polo que o máis axeitado é suprimilo ou modificar o trazado, condicionado ás medidas establecidas no informe 01.10.2010. Tendo en conta que nesa zona está prevista a creación doutros camiños de acceso a obras, dunha área de instalacións auxiliares e unha balsa de decantación, establécese unha cautela arqueolóxica entre as pilas nº 12 e 16, co fin de avaliar o seu impacto sobre outros restos arqueolóxicos que puidesen existir na zona, o que pode condicionar o seu emprazamento definitivo. Na área de ocupación para esas instalacións levaranse a cabo sondaxes avaliativas previas.

Así mesmo, en canto ás actuacións previstas sobre o Castelo de Rande, e demais medidas de carácter xeral, deben manterse as establecidas nos referidos informes do 01.10.2010 e 06.10.2010, posto que non se aprecian modificacións no proxecto con respecto ao xa informado pola Dirección Xeral no seu día.

Ditas medidas consisten en:

- *É necesario completar a escavación arqueolóxica da superficie que ocuparán as zapatas das pilas nº 14 e 15, co fin de minimizar afeccións directas sobre posibles restos arqueolóxicos.*
- *Para levar a cabo a posta en valor do Castelo de Rande, tal e como se propón, desenvolverase previamente un proxecto específico, que conte cos resultados dunha escavación arqueolóxica no xacemento.*

Unha vez analizada a documentación que obra nesta Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e, en base ó establecido na *Lei 8/1995, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* e demais lexislación vixente de aplicación

INFORMO

Favorablemente o *Proxecto de Construción. Ampliación de capacidade da Autoestrada AP-9. Treito: Enlace de Cangas- Enlace de Teis (Pontevedra), (incluída obra singular de ampliación da Ponte de Rande)*, sendo preciso ter en conta as medidas tanto de carácter xeral como específicas establecidas nos referidos informes da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 01.10.2010 e 06.10.2010. Deberían terse en conta as seguintes consideracións:

1. Deben buscarse alternativas ao camiño de obra previsto entre as pilas nº 12 e 16, especialmente no seu trazado á altura da pila nº 15 esquerda (sentido Pontevedra- Vigo), de tal xeito que as remocións de terras non supoñan unha afección sobre estruturas visibles do



Castelo de Rande, ou calquera outro resto imperceptible a simple vista do elemento. É polo que son válidas as consideracións recollidas no referido informe do 06.10.2010:

No que respecta ó camiño de acceso a obra previsto entre as pilas nº 12 e 16, non debe afectar a restos do Castelo de Rande, polo que o máis axeitado é suprimilo ou modificar o trazado, condicionado ás medidas establecidas no informe 01.10.2010. Tendo en conta que nesa zona está prevista a creación doutros camiños de acceso a obras, dunha área de instalacións auxiliares e unha balsa de decantación, establécese unha cautela arqueolóxica entre as pilas nº 12 e 16, co fin de avaliar o seu impacto sobre outros restos arqueolóxicos que puidesen existir na zona, o que pode condicionar o seu emprazamento definitivo. Na área de ocupación para esas instalacións levaranse a cabo sondaxes avaliativas previas.

2. É necesario completar a escavación arqueolóxica da superficie que ocuparán as zapatas das pilas nº 14 e 15, co fin de minimizar afeccións directas sobre posibles restos arqueolóxicos.

3. Para levar a cabo a posta en valor do Castelo de Rande (Redondela, Pontevedra) (GA36045067), debe desenvolverse previamente un proxecto específico, que conte cos resultados dunha escavación arqueolóxica no xacemento.

4. Na fase previa ao inicio das obras é conveniente levar a cabo unha **revisión dos impactos** que o trazado pode xerar sobre o patrimonio cultural, e unha valoración da idoneidade das medidas protectoras e correctoras establecidas, por se fose necesario modificálas ou establecer outras novas.

No caso de detectarse calquera tipo de evidencia de carácter arqueolóxico no transcurso da realización das obras de construción comunicárase á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural co fin de adoptar as medidas oportunas.

5. É preciso establecer unha medida correctora de carácter xenérico consistente na realización dun **control e seguimento arqueolóxico** das fases de replánteo, execución de obra e restitución dos terreos, co fin de evitar calquera afección sobre xacementos arqueolóxicos non detectados durante os traballos de prospección ou que polas súas características son imperceptibles a simple vista.

O equipo de control e seguimento arqueolóxico estará presente no transcurso das obras e remocións de terras naqueles ámbitos susceptibles de albergar restos arqueolóxicos. A metodoloxía do proxecto de intervención, o equipo técnico e o tempo de execución dos traballos previsto deberán garantir o seu axeitado desenvolvemento.

Co fin de garantir a conservación do patrimonio cultural, o correcto desenrolo dos traballos de control e seguimento e dar cumprimento ó establecido no *Artigo 15º, do Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia*, o director da intervención arqueolóxica deberá remitir periodicamente os informes precisos nos que se recolla o estado das obras de construción e da aplicación das medidas protectoras e correctoras que fosen establecidas.

6. Todas as actuacións serán realizadas por técnicos arqueólogos de acordo cun proxecto presentado polo promotor da obra, que deberá ser autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, tal e como se estipula no *Artigo 61 da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia* e no *Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia*. O deseño e execución dos proxectos coordinárase con esta dirección xeral.

7. O proxecto ou proxectos de intervención arqueolóxica deben conter un programa detallado e coherente que acredite a conveniencia e o interese científico da actividade e avale a idoneidade técnica do arqueólogo director. Deben contemplar a necesidade de:

- A Realización de reportaxe fotográfica exhaustiva do proceso de intervención e dos restos localizados. De ser o caso realizaranse reportaxes cenitais ou en altura.
- A toma das mostras pertinentes e posteriores analíticas se fose pertinente.
- O estudo dos materiais.
- De ser necesario consolidación e/ou restauración das estruturas ou restos materiais localizados.

8. De acordo co establecido no *Art. 11º. Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia*, nun prazo máximo de 6 meses presentaranse as memorias técnicas correspondentes, asinadas polos directores das intervencións arqueolóxicas. Nelas reflectirase o proceso de traballo seguido, copia da acta de depósito dos materiais arqueolóxicos, o seu inventario e estudo dos mesmos, así como o resultado das analíticas e demais documentación complementaria.

De ser o caso, de acordo co establecido no referido *Decreto 199/1997*, deberá elaborarse ou actualizar os datos dos xacementos arqueolóxicos cubrindo os modelos normalizados que deberán ser entregados no prazo dun mes desde a finalización do traballo de campo.

9. En base ós resultados das actuacións arqueolóxicas en cada fase de obra a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de San Caetano, bloque 3, 2º
15781 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 545 400 Fax: 981 546 597

galicia

10. Todos os elementos patrimoniais e os seus contornos de protección deberán figurar nos planos de obra. Sinalizaranse na fase previa ó inicio das obras.

11. Deberá informarse á equipa de control e seguimento arqueolóxico de calquera cambio no emprazamento ou características das zonas de préstamo, canteiras, parques de maquinaria, instalacións auxiliares, escombres e vertedoiros. No caso de poder afectar ó patrimonio cultural comunicárase a esta dirección xeral.

No que respecta ás vías de acceso a obra ou tránsito de maquinaria, informarase á equipa de control e seguimento daquelas que se van utilizar e no seu caso repoñer, co fin de que se valore o impacto que poden xerar sobre o patrimonio cultural existente no entorno. Informarase a esta dirección xeral deste feito, co fin de establecer as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas.

Como medidas de carácter xenérico cando se empreguen camiños existentes para acceso a obra ou tránsito de maquinaria que discorran polas inmediacións de xacementos arqueolóxicos, deberá terse en conta:

- A súa utilización non debería supor un aumento da zona de ocupación, e moito menos na marxe na que se atope o elemento/os.
- Non se deberán levar a cabo remocións, acopios ou depósitos de terra na zona.
- Os xacementos deberán estar grafados na planimetría de obra e permanecer balizados xunto co límite da estrada ou camiño.
- Naqueles casos nos que a distancia sexa escasa con respecto ós xacementos e exista algún tipo de risco de deterioro ou alteración, valorarase a posible supresión do camiño/os para o acceso a obra ou tránsito de maquinaria.

12. Calquera modificación do *Proxecto de Construción. Ampliación de capacidade da Autoestrada AP-9. Treito: Enlace de Cangas-enlace de Teis (Pontevedra), (incluída obra singular de ampliación da Ponte de Rande)* comunicárase a esta dirección xeral.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2015

A directora xeral do Patrimonio Cultural
Por suplencia (Resolución do 30.01.2015)
O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria



Jesús Ojeda Barcala